

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

PORTOS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 15 de maio de 2019 de acordo de delegación de competencias do presidente no director xeral e nas xefaturas de zona e do director xeral nos xefes de zona da EPE.

O 25 de febreiro de 2019 e o 15 de maio de 2019 a Presidencia da EPE Portos de Galicia acordou aprobar varios pregos de condicións de autorizacións de utilización e de ocupación do dominio público así como delegar parcialmente no director xeral e nos xefes de zona correspondentes da entidade pública empresarial certas competencias previstas nos artigos 104 e 12.3.j) k) e l) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, relativas á ocupación de superficies e atraques.

En virtude do acordo citado, o presidente de Portos de Galicia resolve delegar as competencias para outorgar as seguintes autorizacións:

a) Delegación de competencias do presidente incluídas no artigo 12.3.k) e l) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, no director xeral:

- Autorización de utilización das instalacións portuarias de atraque para embarcación profesional pesqueira/acuicultura/outra en pantalán de portos de Galicia.

b) Delegación de competencias do presidente incluídas no artigo 104 da Lei 6/2017, de portos de Galicia, no director xeral:

- Autorizacións temporais de usos de postos de atracada outorgadas por Portos de Galicia en zonas portuarias de uso náutico deportivo.

c) Delegación de competencias do presidente incluídas no artigo 12.3.k) e l) da Lei 6/2017, de portos de Galicia, nos xefes de zona:

- Autorización atraque buques mercantes.
- Autorización de utilización de instalacións de atraque para reparación/despece de embarcacións.



- Autorización de utilización de instalacións de atraque do buque profesional/oficial/inactivo.

- Autorización de utilización de instalacións de atraque para embarcación de paso no porto deportivo ou zona portuaria de uso náutico deportivo.

- Autorización para utilización de instalacións portuarias de ocupación de superficie.

- Autorización para utilización de instalacións portuarias para celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas.

- Autorización para utilización de instalación portuaria para ocupación de superficie para actividade comercial recreativa de instalación de terraza anexa a negocio.

- Autorización para utilización de instalacións portuarias para celebración periódica de mercado ambulante.

d) Delegación de competencias do presidente incluídas no artigo 12.3.j) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, nos xefes de zona:

- Autorización de ocupación de departamentos de usuarios construídos para tal fin, tales como bloques de departamentos para almacenaxe de aparellos ou para exportadores outorgadas por prazo superior a dous anos.

Por outra banda, o director xeral da EPE Portos de Galicia mediante a Resolución do 15 de maio de 2019 acordou delegar parcialmente as competencias incluídas no artigo 15.3.c) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, nos xefes de zona correspondentes da EPE Portos de Galicia, das seguintes autorizacións:

- Autorización de ocupación de departamentos de usuarios construídos para tal fin, tales como bloques de departamentos para almacenaxe de aparellos ou para exportadores outorgadas por prazo non superior a dous anos.

Estas delegacións parciais de competencia axústanse ao previsto no artigo 12.3.i) da Lei 6/2017, que atribúe á Presidencia as delegacións de competencias que xulgue oportunas, e no disposto no artigo 9 da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público, e que neste caso se xustifica polas características específicas das autorizacións que se vaian resolver, as cales constitúen un moi considerable volume de expedientes que pola súa even-



tualidade precisan dunha axilidade na súa xestión e resolución, e que pola súa sinxela tipificación ou estandarización permiten a súa resolución mediante criterios preestablecidos.

Quedan revogadas pola presente delegación de competencias a Resolución do 9 de xullo de 2018, do presidente na dirección desta entidade, publicada no DOG nº 137, do 18 de xullo de 2018, e a Resolución do 25 de febreiro de 2019 de acordo de delegación de competencias do presidente nas xefaturas de zona, publicada no DOG nº 51, do 13 de marzo de 2019.

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 9.3 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia

